



# FANZINE

## Verbas encadeadas

Febreiro 2020

N.º 3

# Índice

<b>01 Características .....</b>	<b>2</b>
<b>02 Macamen .....</b>	<b>3</b>
<b>03 Lola .....</b>	<b>4</b>
<b>04 Eva .....</b>	<b>5</b>
<b>05 Esther .....</b>	<b>6</b>
<b>06 Sofía .....</b>	<b>7</b>
<b>07 Lourdes .....</b>	<b>8</b>

## **01 Características**

**Eva**

Microrrelato de como máximo 50 palabras e algún animal.

Prazo: 31 de xaneiro.

## 02 Macamen

O paseo

Como tódalas mañás ía pasear con Lola.

Recorrían o parque de vagariño.

As dúas tiñan xa esa idade na que a présa non existe.

Sentaban nun banco cando o sol agarimaba.

Ela non paraba de falar.

—Mágoa non poder falar, pensaba Lola movendo o rabo mentres llelambía a man.

### **03 Lola**

Saíu de mala gana, facía frío, por mandato médico tiña que camiñar.

O parque estaba desértico. Unha muller nun banco falando coa súa cadela, pasou a rente delas. Ao pouco escoitou: Lola! Lola!

Deu a volta para ver quen a chamaba.

Subiulle a carraxe cando descubriu que era pola cadela.

## **04 Eva**

### PROTEXIDA

No caixón dos calcetíns tiña gardada, desde entón, unha coraiza de tartaruga; lembráballe, cada mañá, que debía coidarse dos perigos visibles e, sobre todo, dos invisibles. Non estaba disposta a deixar que a devorasen unha vez máis.

## **05 Esther**

Lola, moi enfadada, chegou á súa casa.

Ese costume de chamar ás mascotas con nome de humano poñíaa dos nervios.

Sentou no sofá, apartou ao gato de malas maneiras, chamado Bigotitos, da manta de pelo de chinchilla que tanto lle gustaba.

## **06 Sofia**

Mentres descargaban as mercas do coche logrou ocultarse detrás dunha columna. El, que tantos mares coñecía, quería comprobar o dito que moitas veces lle escoitara ao vello pescador. E antes de acabar nunha feira de aceite e pemento, comprobaría se era certo que podía experimentar o máximo aburrimiento nun garaxe.



## **07 Lourdes**

Sobrevoaba as árbores cando escoitei: “Lola!”.

Baixei, nun voo rasante, sobre aquelas dúas mamíferas. Unha cun libro, a outra movendo o rabo mentres unhas nenas bailaban berrando: “Lola, Lola...”.

Aterrei enriba duns anacos de pan e intuín, máis que vin, a sombra. Botei voar segundos antes de que Bigotitos saltase.

**FIN**